

1.

- *Gústenme los tos güeyos faladores.*

Astur-leonés. **Ditongación das vogais breves** (neste caso non se produce no castelán, mais si tamén no aragonés -güellos-; débese ao influxo do “y”). Na variante mirandesa: *uolhos/uoyos*.

- *Ploigüec e eth carrèr ja ei shut.*

Aranés. **Conservación dos grupos cultos iniciais** PL-, FL-, CL-.

- Motxila eta txapela ezkerrean.

Éuscaro. Tres exemplos de **préstamos** incorporados ás linguas romances.

- *Devant d’a caseta bi’staba una xerata que itava muita flama.*

Aragonés. **Conservación dos grupos cultos iniciais** PL-, FL-, CL-.

- *S’ha fet de nit.*

Catalán. **Perda de vogais átonas finais.**

2.

Trazos que coinciden co galego:

- **Non ditongación de vogais breves** (*fos, fora, vergonya, coll*)
- **Conservación do F-** (*feina*) [Provéen de FACENDA; o castelán ten *faena* -pero *hacienda*- precisamente por tomar o termo do catalán antigo]

Non son coincidentes:

- **Mantemento do -N- intervocálico** (*donar, monedes*)
- **Perda de vogais finais átonas** (*tot, llit, nen, fos, coll, antics*)
- **Palatalización do L-** (*llit*)
- **Redución de -ND- a -D-** (*anar*) [desde AMBULARE]